WhatsApp 698 12 72 41 COPE estar informado :)

# Os Socialistas denuncian o estado calamitoso do acceso a Outeiro de Cusanca apenas un mes despóis da súa pavimentación

**17, Xaneiro 2019 Cope Carballiño**



O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo, Iago Fariñas Valiña, presentou un requirimento en relación a execución das obras de pavimentación de accesos o pobo do Outeiro na parroquia de San Cosme para que o concello de o irixo requira a empresa adxudicataria para que execute novamente a reparación dos accesos debido a súa nefasta execución apenas fai un mes.

Expón que apenas un mes despois da execución da obra de pavimentación de accesos o pobo do Outeiro na parroquia de San Cosme o estado de esta estrada xa está todo cheo fochancas e en mal estado.
Que por este motivo o grupo socialistas ven de requirir por escrito o A
lcalde para que requira a empresa adxudicataria COVIASTEC S.L. para que proceda novamente o arranxo da referida estrada.

Que ditas obras segundo proxecto, teñen un período de garantía de 12 meses. Os socialistas solicitaran acceso o expediente das mesmas para comprobar se existe xa acta de ACTA DE COMPROBACIÓN Y REPLANTEO, dado que as mesmas non foron ben executadas, ademais de non compartir este tipo de actuación para o arranxo dos camiños, que so veñen a xustificar o diñeiro sen que se proceda a facer un arranxo adecuado e duradeiro.

Que moitos de este camiños executados no presente proxecto teñen na actualidade toda a gravilla solta porque presuntamente non se cumpriu o mesmo na execución das mesmas.

Que ademais como se observan nas fotografías que se acompañan están apenas 1 mes despois de ser executado, cheo fochancas e en mal estado, entendendo ademais que presuntamente na execución non se cumpriu o proxecto.

Que estas obras, deben ser executadas novamente e no caso de existir xa ACTA DE COMPROBACIÓN Y REPLANTEO aínda están dentro do período de garantía de 12 meses polo que a vista do estado de este e outros camiños, se debe executar dita garantía.

WhatsApp 698 12 72 41 COPE estar informado :)

RADIO EN DIRECTO

COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA

ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, 17. Xaneiro 2019
18:00-00:00
Parcialmente nuboso
7 °C

Mañá, 18. Xaneiro 2019
12:00-18:00
Nuboso
4 °C

19. Xaneiro 2019
12:00-18:00
Chuvia forte
7 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

NADAL MUSICAL NO CONCELLO DE CEA: O DOMINGO DIA 23 DE DECEMBRO ÁS 17 HORAS NO CENTRO MULTIUSOS: PANXOLIÑAS CO CORO DE CEA E CAMERATA AURIENSE.

Que xa o pasado 2 de xuño de 2017 se fixo tamén un requirimento o Sr. Alcalde do concello do Irixo para que ante o prexuízo que se creara os veciños e veciñas pola mala execución de outras obras de camiños, naquela ocasión, "apenas 9 meses despois de ser executados varios camiños, estaban cheos de herbas, entendendo ademais que na execución non se cumprira tampouco o proxecto cando falaba de "o Limpieza del pavimento existente con medios mecánicos y lavado a presión con agua, de modo que la superficie quede libre de elementos indeseables." que se fixo con aire. Estas obras estaban naquel momento dentro do período de garantía de 12 meses polo que a vista do estado dos camiños naquel momento, pediuse que se executara dita garantía e se volvesen arranxar. O Sr. Alcalde nunca respondeu a este requirimento nin executou a garantía nin obriga a empresa a arranxar os camiños novamente.

CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE BOBORÁS, O SÁBADO 22 DE DECEMBRO ÁS 6,30 DA TARDE NA IGREXA PARROQUIAL DE XUVENCOS.

CONCERTO DE NADAL DA CORAL POLIFONICA DO CASINO DO CARBALLIÑO E A BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE, SABADO 15 DE DECEMBRO AS 8 DA TARDE, GRATUÍTO, NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO

FESTA DO VIÑO NOVO DE CABANELAS: DOMINGO 25 DE NOVEMBRO, AMENIZADA POLA CHARANGA CASTRO BELLO, DESGUSTACIÓN DE VIÑO NOVO E CASTAÑAS E XANTAR POPULAR ÁS 14 HORAS CON PULPO, CHOURIZOS CON CACHELOS, CARNE COCIDA, E POSTRES.

FESTA DOS COGUMELOS DE SOUTELO DE MONTES, O DOMINGO 4 DE NOVEMBRO. ANDAINA, EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS DA TERRA, E POR 8 EUROS UN MENÚ CON 3 PRATOS A BASE DE COGUMELOS: EN EMPANADA, CON CALLOS, E ARROZ CON XABARÍN, OS NENOS GRATIS.

FESTA DOS CALLOS DO CONCELLO DE PIÑOR, O DOMINGO 7 DE OUTUBRO ÁS 2 DA TARDE NO CAMPO DA FESTA DE ARENTEIRO: EMPANADA, LACÓN ASADO, CALLOS, PAN VIÑO E POSTRES, POR 15 EUROS. MÚSICA EN DIRECTO E CONCENTRACIÓN DE MOTOS CLÁSICAS.

ANDAINA E TRAIL DO OUTONO DO CONCELLO DE PIÑOR: DOMINGO 30 DE SETEMBRO CON SAÍDA ÁS 10 DA MAÑÁ DENDE O CAMPO DA FESTA DO POBO DO ARENTEIRO E UN RECORRIDO DE 13 KILÓMETROS POLOS SENDEIROS DO MUNICIPIO.

ROMARIA DA SALETA EN ASTURESES: DIA 18, BAIXADA DA VIRXEN ÁS 18:30 HROAS, VERBENA E CEA POPULAR. DIA 19: MISAS DENDE AS 8,30 HORAS E SOLEMNE ÁS 13 HORAS, XANTAR CAMPESTRE CON MÚSICA TRADICIONAL, FESTA E VERBENA CON ECLIPSE E LA OCA BAND.

FESTAS DE SAN RAMÓN NO CARBALLIÑO, OS DIAS 30 E 31 DE AGOSTO: PASARRÚAS COS 3 GALEGUIÑOS, ACTIVIDADES INFANTÍS E VERMENAS O DÚO ARUME, E OS TRIO AZAR E XTRA.

FESTAS DE SAN VITORIO EN MASIDE, OS DIAS 27 E 28 DE AGOSTO: PASARRÚAS E CONCERTOS DAS BANDAS DE MÚSICA "A LIRA" E O CARBALLIÑO, E VERBENAS COAS ORQUESTRAS FIN DE SIGLO E EL COMBO DOMINICANO, MIRAMAR E PARIS DE NOIA.

WhatsApp 698 12 72 41 COPE estar informado :)

Desenrolado por coroa.es